

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 23/12/2020 12:19:18

SAIDA 16573/20

D. Miguel A. Delgado González, Plataforma en
Defensa del Sector Marítimo Pesquero de
Galicia (PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera 28 2º dereita
15005 A Coruña

Reclamante: D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)

Expediente. Nº **RSCTG 113/2020**

Correo electrónico: prensa@pladesemapesga.com

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) , mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 29 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) presentou, mediante escritos con entrada no rexistro do Valedor do Pobo do 27 e 29 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a resolución do 21 de outubro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar pola que se lle concede acceso á información sobre o xefe do Gabinete da dita Consellería, relación da Consellería coa Fundación Internacional e para Iberoamérica de Administración e Políticas Públicas (FIAPP) e viaxe de persoal Técnico da dita Consellería a Turquía.

Consellería, mediante a correspondente resolución, infórmalle que non ten subscrito ningún acordo ou convenio coa referida Fundación, e que a persoa que ocupa o posto de xefe de gabinete, realiza as funcións propias dese cargo, sen que realice ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ao persoal funcionario de carreira.

De acordo co anterior, considérase axeitada a resposta dada pola Consellería do Mar respecto da información solicitada, por canto informa ao solicitante que non ten asinado convenio algún coa Fundación e as funcións que realiza o Xefe do Gabinete, e ao non alegarse nin acreditarse polo reclamante, motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procede a desestimación da reclamación presentada.

De acordo co anterior, en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, procede a desestimación da reclamación presentada, polo que a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por D. Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) contra a Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar do 21 de outubro de 2020, pola que se lle concede acceso á información sobre o xefe do Gabinete da dita Consellería, relación da Consellería coa Fundación Internacional e para Iberoamérica de Administración e Políticas Públicas (FIAPP) e viaxe de persoal Técnico da Consellería a Turquía.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por
76706870F MARIA DOLORES
FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2020.12.23 08:43:06 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.